

## **INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN SOBRE A PRESENTACIÓN DA MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS PLANS DE FORMACIÓN INTERSECTORIAIS E SECTORIAIS.**

Plans de formación intersectoriais e sectoriais deberá realizarse ao abeiro da orde do 6 de xuño de 2011 pola que se aproba a convocatoria, de subvencións para o financiamento de plans de formación intersectoriais e sectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscripción de convenio de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, de 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real Decreto 395/2007, de 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.

Co fin de axilizar na medida do posible a tramitación dos expedientes, este órgano, en virtude do establecido na disposición derradeira primeira da citada orde, establécense as seguintes recomendacións para a presentación da memoria xustificativa:

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA DO PLAN DE FORMACIÓN**

A partir do documento de referencia publicado na páxina web da orde, a entidade poderá elaborar o documento da memoria xustificativa do plan de formación.

Este documento deberá anexarse na documentación da solicitude a través do aplicativo, na pantalla de “documentación anexada á solicitude”.

A presentación desta documentación a través da aplicación substitúe a obriga da súa presentación en papel.

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA DE CADA ACCIÓN FORMATIVA**

A partir do documento de referencia publicado na páxina web da orde, a entidade poderá elaborar o documento da memoria xustificativa de cada acción formativa do plan de formación.

Este documento deberá anexarse na documentación de cada acción formativa a través do aplicativo, na pantalla de “documentación” que se mostra a continuación:

Solicitud PF-2011/000002 (SECTORIAL, ADMINISTRACIÓN E NOVAS TECNOLOXÍAS)

Documentación anexada á solicitude  
Asegúrese de anexar tódolos documentos

Xestión das accións formativas

AF-2011/000002  
AF-2011/000003  
AF-2011/000004  
AF-2011/000005

Nova A.Formativa

Definición Programa Grupos Custos **Documentación**

Documentación anexa AF-2011/000002

Ficheiro	Tipo	Data	
memoria xustificativa AF1.pdf	Memoria xustificativa da acción formativa	15/06/2011 14:30	X

Exportar:

Adxuntar novo ficheiro

Tipo: - Elix - \*

Ficheiro:  No se ha ... archivo \*

Observacións

A presentación desta documentación a través da aplicación substitúe a obriga da súa presentación en papel.